

CAMPAMENTOS NOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

1. PAIS VASCO (ÁLAVA-ARABA)

Albergue Catedral de Vitoria-Gasteiz
Albergue Xuvenil Illa de Zuhatza
Albergue de Barria

2. CASTELA E LEÓN

Residencia Xuvenil San Martín de Casteñeda (Puebla de Sanabria)
Albergue Xuvenil Navarredonda de Gredos (Ávila)

3. A RIOXA

Albergue Xuvenil Ezcaray

4. MADRID

Albergue Xuvenil Villa Castora (Cercedilla)
Albergue Xuvenil El Escorial (San Lorenzo de El Escorial)

5. CANTABRIA

Albergue Xuvenil Gerardo Diego (Solórzano)

6. CASTELA- A MANCHA

Albergue Xuvenil San Servando (Toledo)

PAÍS VASCO (ÁLAVA-ARABA)

ALBERGUE CATEDRAL DE VITORIA-GASTEIZ

<https://www.alberguecatedral.com>

O aloxamento e a manutención serán no albergue catedral de Vitoria-Gasteiz e a meirande parte das actividades e obradoiros desenvolveranse na sala de concertos Hell Dorado.

Sala de concertos Hell Dorado: Escultor Isaac Díez K/z g, 01007 Vitoria-Gasteiz.

Importante que leven os Instrumentos que saiban tocar.



COLONIA DE ROCK

ACTIVIDADES

Musicais: pensada preferiblemente para persoas que teñan inquiredanzas musicais e de produción musical (son, vídeo e iluminación). É desexable que as persoas participantes teñan algunha formación musical, que saiban tocar algún instrumento ou canten, que toquen nalgún grupo de música ou que estean interesadas en formar un. A meirande parte das actividades e obradoiros desenvolveranse na sala de concertos Hell Dorado.

Haberá obradoiros de historia do rock, produción musical, mercadotecnia ou imaxe rock, de vídeo (gravarase unha curta) de fotografía dixital, expresión artística, combos e ensaios, concertos, etc.; **outras actividades:** excursión á costa e ás piscinas.

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Albergue Catedral de Vitoria	Colonia de rock	09-10-11	01-12/07	284,50 €	500001

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

PAÍS VASCO (ÁLAVA-ARABA)

ALBERGUE XUVENIL ILLA DE ZUHATZA

Embalse de Ullibarri-Gamboa
Apartado 02030 Vitoria-Gasteiz

O albergue está situado no encoro de Ullibarri-Gamboa, a 15 km ao norte de Vitoria-Gasteiz. Toda a illa conforma o conxunto do campamento, cunha extensión de 500.000 m². O aloxamento é en cabanas de madeira con liteiras.



NÁUTICA

ACTIVIDADES

Náuticas: piragua, windsurf, remo, pedaletas e obradoiros. É un campamento perfecto para o coñecemento interpersoal e intercultural porque acudirán rapaces e rapazas de varias comunidades autónomas; **outras actividades** saídas e excursións a Vitoria-Gasteiz e a Donostia-San Sebastián.

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Illa de Zuhatza	Náutica	10-11-12	01-11/08	275,13 €	500002

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

PAÍS VASCO (ÁLAVA-ARABA)

ALBERGUE XUVENIL DE BARRIA

Bernardo Deuna kalea, 01208 Barria, Araba (Álava).

T. 945 317 132

<https://gazteria.araba.eus/es/-/albergues-barria>

O albergue de Barria é un antigo Monasterio cisterciense rehabilitado como albergue xuvenil. Conta con amplas zonas verdes, aulas de reunión e/ou actividades, wifi, campos de deportes, espazos verdes compostos por una horta ecolóxica, un galiñeiro e unha cociña solar, xogos para os máis pequenos e piscina.



AVENTURA E ECOLOXÍA

ACTIVIDADES

Ecoloxía: iniciación hortícola, espeleoloxía; **aventura:** actividades de deporte-aventura como escalada, rapel e manexo de cordas e barranquismo; **outras actividades:** saídas e excursións a Vitoria-Gasteiz e a Donostia/ San Sebastián.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Albergue de Barria	Aventura e Ecoloxía	11-12	01-11/08	266,00 €	500003

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

CASTELA E LEÓN

RESIDENCIA XUVENIL SAN MARTÍN DE CASTAÑEDA (Puebla de Sanabria)


Estrada do Lago de Sanabria, s/n. San Martín de Castañeda (Zamora)

T. 980 62 20 53

<https://juventud.jcyl.es/web/jcyl/Juventud/es/Plantilla100Detalle/1284224580551/AlberguesJuveniles/1284167011168/Albergue>

O Albergue Xuvenil de San Martín de Castañeda sitúase na mesma localidade, a escasos 2 km do Lago de Sanabria. É unha instalación totalmente equipada con todas as comodidades. Dispón de dormitorios con capacidade para 2 e 4 persoas, separados por idades e por sexo, con baño nos propios correodres. A instalación ten servizo de cociña, comedor, unha pista polideportiva, xardín, amplas zonas verdes, zonas de sombra e piscina de temporada. É unha instalación cerrada, totalmente segura.

A instalación conta con persoal de cociña que se encarga de cociñar menús caseiros e equilibrados a diario para as persoas acampadas; non é un servizo de catering. Realizaranse catro comidas diarias: almorzo, xantar, merenda e cea. As dúas comidas principais constarán de 1º prato, 2º prato e postre.



MULTIAVENTURA E AIRE LIBRE

ACTIVIDADES

Multiaventura: rutas en BTT, rutas a cabalo en Pedrazales, caiac paddle surf e pedaletas no Lago de Sanabria (praia do Folgoso), sendeirismo, snorkel na praia de Dragón, raid de orientación, paintball tiro con arco, tirolinas, pontes tibetanos; **excursións:** a Puebla de Sanabria e visita ao Centro do Lobo Ibérico; **outras actividades:** noite de bivaque, veladas, obradoiros e xogos.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Residencia Juvenil Arturo Duperier	Multiaventura e aire libre	12-13	21-30/07	247,50 €	500004

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

CASTELA E LEÓN

ALBERGUE XUVENIL NAVARREDONDA DE GREDOS (Ávila)

Estrada C-500, Km 41,5, 05635 Navarredonda de Gredos (Ávila)

T. 920 34 80 05

https://juventud.jcyl.es/web/jcyl/Juventud/es/Plantilla100Detalle/1284224580551/_/1284166962876/Albergue

O albergue é unha edificación rural no Parque Natural de Gredos, entre ríos e montañas. Está á beira do río Tormes, onde se pode gozar da natureza e facer rutas de sendeirismo. Ademais, a proximidade ás capitais de provincias permite facer excursións de grande interese cultural.

O albergue conta cun gran espazo exterior para a realización de actividades; ten habitacións múltiples, piscina de verán, pista polideportiva e biblioteca.



MULTIAVENTURA E AIRE LIBRE

ACTIVIDADES

Multiaventura: paintball, parque de cordas, bivaque, rutas BTT (bicicleta de montaña), sendeirismo á Laguna Grande; **outras actividades:** excursión a algún lugar de interese paisaxístico ou cultural, obradoiros e xogos de animación. A instalación conta con piscina.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Albergue Xuvenil Navarredonda de Gredos (Ávila)	Multiaventura e aire libre	12-13	01-10/08	247,50 €	500005

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

A RIOXA

ALBERGUE XUVENIL EZCARAY (A Rioxa)

Albergue xuvenil El Molino Viejo, Camino del Molino Viejo, s/n, 26280 Ezcaray (A Rioxa)
<https://alberguesdelarioja.es/>

O albergue está situado na zona sur de Ezcaray, xunto ao río Oja, que da nome a esta comunidade autónoma, e situado na sierra de La Demanda, ao pé do pico San Lorenzo, onde se atopa a estación de esquí e montaña de Valdezcaray.

O bello contorno natural permite facer múltiples rutas, visitar antigas aldeas, vías verdes e sendeiros. É unha paisaxe que invita á relaxación e ao disfrute rodeado da natureza, así como á práctica de deportes de montaña.

O albergue está situado a 1 km. de Ezcaray. A instalación conta con espazos comúns: salón-comedor, sala de estar con TV. Ten zonas verdes para a práctica deportivo-recreativa, campo de fútbol, pista polideportiva e ping-pong.



MULTIAVENTURA

ACTIVIDADES

Multiaventura: visita a parques multiaventura con tirolesas, tibetanos, escalada e outras probas; **ambientais:** rutas de sendeirismo con interpretación da natureza; **náuticas:** navegar en pedaleta e piragua no Club Náutico de El Rasillo; **outras actividades:** xincanas, xogos temáticos, veladas e visitas culturais a lugares emblemáticos da Rioxa.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Albergue Xuvenil Ezcaray	Multiaventura	11-12	27/06-06/07	247,50 €	500006
	Multiaventura	09-10-11	31/07-09/08	247,50 €	500007

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

MADRID

ALBERGUE XUVENIL VILLA CASTORA (Cercedilla)

Carretera de las Dehesas 29, 28470 Cercedilla (Madrid).

T. 918 520 334 – Fax 918 522 411

villacastora@madrid.org

<https://reaj.com/albergues/juvenil-villa-castora/>

Situado a 60 Km. de Madrid, moi cerca do casco urbano de Cercedilla. No Val da Fuenfría, en plena Serra de Guadarrama. O Albergue atópase moi próximo as piscinas naturais "As Barceas"



HIP HOP E DANZA URBANA II

ACTIVIDADES

Danza moderna: Urban Dance, Comercial Dance, Hip Hop, FreeStyle, Break Dance, Fusión, etc. Realizaranse xogos e dinámicas para traballar o ritmo, a percepción espacial, o desenvolvemento do sentido estético, o uso do corpo como expresión artística, a improvisación, como facer unha coreografía, a posta en escena e a interpretación ante unha cámara; **outras actividades:** actividades recreativas, de lecer e de tempo libre; **excursións:** parque de atraccións e paseo polo Madrid histórico, visitas ao parque recreativo Las Berceas (piscinas naturais) en Cercedilla e as piscinas municipais.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Albergue Xuvvenil Villa Castora	Hip Hop e danza urbana II	09-10-11	01-11/08	266 €	500008

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

MADRID

ALBERGUE XUVENIL EL ESCORIAL (San Lorenzo de El Escorial)

Calle Residencia, 14, 28200 San Lorenzo de El Escorial (Madrid)

T. 91 890 59 24

escorial@madrid.org

<http://reaj.com/madrid/albergue-juvenil-el-escorial.html>

O albergue está situado no centro urbano de San Lorenzo de El Escorial, a 55 km de Madrid, ao noroeste da Comunidade Autónoma de Madrid e na vertente sur oriental da Serra de Guadarrama.

O edificio é unha construción típica da zona da serra, que data de finais dos anos 40, e as habitacións están distribuídas en 3 andares.

Pola súa situación xeográfica privilexiada son moitas as posibilidades que se ofrecen aos visitantes para desenvolver actividades culturais e de natureza.



CINE E AVENTURA

ACTIVIDADES

Cine: realización dun obradoiro de cine entretido que rematará coa gravación dunha curtametraxe. Para iso programaranse 18 horas de obradoiros específicos relacionados coa sétima arte; **outras actividades:** multiaventura na natureza na Serra do Guadarrama, bautismo de rappel, escalada, unha xornada de sendeirismo e orientación.; **excursións:** parque de atraccións e paseo polo Madrid histórico.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Albergue Xuvenil El Escorial	Cine e aventura	13-14	28/07-07/08	266 €	500009

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

CANTABRIA

ALBERGUE XUVENIL GERARDO DIEGO (Solórzano)

Albergue Xuvenil Gerardo Diego de Solórzano, Barrio Quintana s/n, 39738 Solórzano, Cantabria
<https://reaj.com/albergues/juvenil-gerardo-diego/>

O albergue está situado no municipio de Solórzano, na zona oriental de Cantabria. Situado nun fermoso val atravesado por un pequeno río, o Campiezo. Punto de partida ideal para coñecer tanto o interior oriental de Cantabria como as súas costas. En menos de trinta minutos pódese gozar dos Vales Pasiegos, das espectaculares fervezas do río Asón ou as praias de Somo, Illa, Noja e Laredo. O albergue é un fermoso caserón con amplo xardín, piscina, e unha zona de volei praia. O aloxamento realízase en habitacións compartidas con liteiras. Dispón de piscina e aula polivalente para presentacións, formación, actividades...



CINE EN SOLÓRZANO

ACTIVIDADES XERAIS:

Cine: Guión, casting, ensaios, rodaxe en cámara... todas as fases dunha rodaxe; análise crítica interpretativa e técnica; Cine Forum: mesa redonda sobre unha película; **outras actividades:** obradoiro de maquillaxe cinematográfica, obradoiro sobre os obxectivos de desenvolvemento sostible, obradoiro de igualdade, prevención de drogodependencias, clase maxistral dun actor, actriz ou director de cine ou televisión, actividade de surf na praia, xogos, ximcanas...; **excursións:** excursión turística e praia a Santander, visita a unha filмотeca ou estudio de gravación ou exposición audiovisual, saídas á praia de Laredo e visita á vila de Laredo, visita a Santoña, sendeirismo polo monte Buciero, saída á praia de Berria e visita ao Forte de San Carlos e Napoleón.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Alb. Xuv. Gerardo Diego	Cine en Solórzano	08-09-10-11-12	15-24/07	247,50 €	500010

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

ARTES ESCÉNICAS EN SOLÓRZANO

Artes escénicas: se levarán a cabo diferentes actividades en relación con las artes escénicas: danza, interpretación y canto. Las personas participantes prepararán durante el campamento una gala final que se realizará el día anterior a la salida del campamento.

Otras actividades: **actividades deportivas:** salidas a la playa, piscina, surf; **juegos de piscina:** diferentes actividades lúdicas y de entretenimiento; **talleres:** de igualdad, de salud mental y de uso responsable de nuevas tecnologías; **otras actividades:** visita de profesionales y Master Class (actor o actriz de teatro o profesional de canto o de danza), veladas; **visitas:** a la villa de Laredo y a un espacio escénico de Cantabria.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Alb. Xuv. Gerardo Diego	Artes escénicas en Solórzano	08-09-10-11	1-10/07	247,50 €	500011

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

CASTELA - A MANCHA

ALBERGUE XUVENIL SAN SERVANDO (Toledo)

Cuesta de San Servando s/n,45006 (Toledo)

Teléfono: 925 224 554

<https://juventud.jccm.es/sanservando/es/index.html>

O Albergue situado nun castelo medieval fortificado cun encanto especial, aséntase nun lugar privilexiado da cidade de Toledo, elevado sobre a beira esquerda do río Tajo. Construído polos árabes e reconstruído polos cristiáns foi finalmente declarado Monumento Histórico Artístico Nacional en 1874. Conta con 25 habitacións dobres e 10 de catro camas, todas elas con baño. Tamén ten un amplo comedor e unha cafetería, salas de estar con distintos espazos e unha TV, salón de actos e salas de reunión, piscina e unha ampla zona axardinada.



ARTES ESCÉNICAS

ACTIVIDADES

De artes escénicas: creación dun espectáculo teatral de rúa, obradoiros de danza, de expresión corporal, de vocalización, obradoiro de teatro, de batucada e percusión; **outras actividades:** tirolesa urbana, actividades acuáticas, xincanas; **excursións:** ao Parque de atraccións de Madrid, sinagogas, mesquitas, museo do Exército, biblioteca de Castela-A Mancha, roteiros e lendas polas rúas da zona vella e veladas nocturnas.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANO NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Albergue Xuvenil San Servando	Artes escénicas	09-10-11-12	02-11/07	247,50 €	500012

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre o punto de saída e recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.